




HOMENAXE DO IESCHA A

BERNARDO

NO XIII CABODANO

DOMINGO 28 DE DECEMBRO DE 2025 - 12:30

NA PRAZA DA IGREXA

O domingo 28 de decembro de 2025, ás 12:30 horas, na PRAZA DA IGREXA DE VILALBA, o Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), coa colaboración do CONCELLO DE VILALBA, organiza a homenaxe a **Bernardo García Cendán** no seu XIII Cabodano, que terá lugar ao carón da lousa coa inscrición conmemorativa inaugurada hai tres anos (obra do canteiro José Gómez de Bernardo “Pepón”).

O acto terá un apartado para o recitado de textos do propio Bernardo, e outro musical no que intervirán os grupos:

- **LAMBE LAMBE**
- **CORREDORES DE SOMBRA**

A palabra e a música, dous dos elementos que sempre estiveron presentes na vida de Bernardo, xuntaranse un ano máis na Praza da Igrexa de Vilalba, ao carón da súa lousa, nun encontro para a lembranza, para o cariño, para a loubanza e para botar de menos ao intelectual, ao escritor, ao crego e, sobre todo, ao amigo.